



# VERBAS PARA O AMIGO FELIPE ARIAS

---

Francisco Calo Lourido

---

Na invitación a participar no número de CROA dedicado ao recentemente xubilado director e *alma mater* do Museo do Castro de Viladonga pedíuseme que escribise brevemente sobre a miña relación co bo amigo e investigador homenaxeado Felipe Arias Vilas. Non só non puiden negarme, senón que mesmo deixo constancia do agradecemento a M<sup>a</sup> Elena Varela, actual directora do devandito museo, e a M<sup>a</sup> Luísa Fernández, conservadora do mesmo, por non me teren esquecido á hora de honrar ao amigo común.

Non vou negar que me gustaría escribir sobre as achegas de Felipe á comprensión do mundo galaico-romano, á baixa-romanidade e aos aportes xermánicos e mesmo aos avances do coñecemento do Lugo romano, a cuxa muralla dedicou, xa nos inicios da súa labor investigadora, a súa tese de licenciatura. Supoño que outros colegas, sen dúbida con mellores ferramentas intelectuais, se ocuparán de repasar o incremento de coñecementos e interpretacións que, para a nosa historia antiga, significaron os seus traballos, cinguíndome pola miña banda á encomenda que se me fixo.

Coñecín a Felipe na Facultade de Filosofía e Letras, sendo eu alumno do noso lembrado e querido mestre don Alberto Balil e formando el parte do elenco de profesores do seu departamento; pero podo dicir que entrei en contacto persoal con el uns anos máis tarde, concretamente en 1976, cando, con data de 1 de xaneiro, despois dunhas peripecias persoais que agora non veñen a conto, principiei a aprender cunha bolsa de formación de persoal investigador concedida polo Consejo Superior de Investigaciones Científicas e

adscrita ao Instituto de Estudos Galegos “Padre Sarmiento”.

Como bolseiro fun incorporado á sección de Arqueoloxía e Prehistoria (tamén á de Etnografía, por ter realizado a miña tese de licenciatura nese eido), da que, baixo a dirección de Taboada Chivite, formaba parte Felipe, así como García Martínez, González Reboredo, Acuña Castroviejo, etc. No verán dese ano, escavamos no castro do Neixón (Boiro) baixo a dirección de Acuña e Caamaño e convocamos alí a todos os que naquel intre traballaban desde os museos, a universidade ou por libre no mundo da arqueoloxía en Galicia. En Casa Pachín (Taragoña), famosa daquela polos banquetes de vodas que alí diariamente se celebraban e onde nos hospedabamos os escavadores, tivo lugar a xuntanza. A xeito de anécdota direi que, uns días antes da reunión, a garda civil achegouse ata o restaurante e preguntou á dona, cariñosamente chamada por nós “A Pachina”, que clase de xuntanza ou contubernio ía ter lugar alí. É increíble como estaban informados de todo, ou, cando menos, de case todo, pois ao lles responder A Pachina, xa sabedora por nós, por mor da reserva do xantar, que íamos estar un fato de arqueólogos, preguntou o sarxento quen viñan sendo eses. Ficou tranquilo, cando esta lle dixo que eran como os que estabamos parando alí e que escavabamos no castro do Neixón. Lembro que todos os días, no descanso do traballo, liamos El País como o periódico máis de esquerdas do mundo, tal como se fose o Iskra ou o Pravda. Todos estabamos nacente a unha España nova e procurabamos indicios de liberdade ata na prensa madrileña.



Felipe Arias en Adai. 1990.

Naquela xuntanza, á que acudiron practicamente a totalidade dos que, en Galicia, tiñan algo que aportar á ciencia arqueolóxica, ampliouse a Sección, que, posteriormente, despois de moitas discusión, pasou a levar o termo Arqueoloxía antes de Prehistoria. Matizabamos todo, pois a terminoloxía é algo imprescindible para que a ciencia se desenvolva e sexa intelixible.

No mes de novembro finou o xefe da Sección e, na primeira xuntanza celebrada en 1977, eliximos a Felipe como nova cabeza da mesma. Eu, supoño que unicamente polo "mérito" de ser bolseiro, pasei a ocupar o posto de secretario. Isto fixo que a relación entre Felipe (residente en Lugo) e máis eu (en Santiago, onde está a sede do IEGPS) se fixese máis fluída e frecuente.

Baixo a súa dirección, o pulo que se imprimiu á Sección foi impresionante. En primeiro lugar, Felipe conseguiu incorporar e aglutinar a todos os que estaban en condicións de aportar algo a este eido da ciencia: profesores universitarios, conservadores de museos, profesores de ensino secundario e profesionais liberais, caso de Ramil ou Rodríguez Gracia, médicos ambos os dous, así como Carro Otero, membro xa desde os inicios con Bouza Brey. Dúas liñas mestras, dúas directrices moi claras e firmes, marcaron a súa dirección. Un punto esencial e irrenunciable, ata o extremo de ser levado ao frontispicio dos estatutos da Sección, foi o traballo por amor a Galicia, o que os nosos devanceiros, algúns deles (Xaquín Lourenzo, Antonio Fraguas...) aínda acompañándonos no

traballo, chamaban "sentimento da Terra" e, xunto con aquel, o emprego da lingua galega como único vehículo oficial e científico. O segundo punto, base dos nosos esforzos investigadores, asentaba no respecto ao patrimonio de Galicia, centrado, amais do estudo, en tres aspectos: conservación, divulgación e defensa.

Xa no mesmo mes no que finou o noso anterior xefe, concretamente o 12 de novembro de 1976, "La Voz de Galicia" publicounos un, podemos consideralo, manifesto, no que dicíamos que "as solucións dos problemas de Galicia deben partir da súa consideración de nacionalidade dentro do contexto dos pobos ibéricos e a necesidade dos organismos e institucións político-administrativas xurdidas da mesma". Nese escrito, coidabamos que "a eficaz conservación e estudo do noso patrimonio pasa forzosamente pola existencia en Galicia dun organismo propio...". Nótese que nos adiantamos en 11 meses á elaboración do texto de "mínimos" que, en marzo de 1978, establece a Xunta de Galicia como goberno, dando inicio ao período pre-autonómico.

Se Gil de Biedma dixo que "de casi todo hace ya veinte años", da nosa relación e do traballo ilusionante a prol da nosa arqueoloxía e do noso patrimonio xa estamos a piques de cumprir corenta. Tantos anos pasados só teñen unha vantaxe, a de permitir ollar a actividade da Sección cunha certa perspectiva, e esta permíteme asegurar que foron uns tempos de traballo heroico que nós nunca máis volveremos a ver. Todo canto, baixo a xefatura de Felipe, fixemos foi investigar, traballar intensamente, publicar e denunciar as desfeitas, e todo iso totalmente "gratis et amore". A Sección de Arqueoloxía e Prehistoria chegou a ser un verdadeiro fenómeno social, á que se facía un intenso seguimento periodístico, mesmo con reportaxes que, como veño de lembrar, despois da súa relectura, non eran desexados por nós, que antepoñíamos a tranquilidade do traballo silente e afastado das cámaras ao balbordo sensacionalista dos medios. O 16 de abril de 1980, con remate o 16 de maio seguinte, en La Voz de Galicia, quéixase o periodista das respostas evasivas que lle demos varios de nosoutros, falando en nome de todos. Quedou moi claro que non pretendíamos ningunha caste de popularidade.

O interese pola conservación levounos a frear a curiosidade que move toda investigación e renunciar a abrir novos xacementos, decidindo que deberíamos

---

centrarnos na consolidación de traballos xa feitos, fosen nosos ou de anteriores arqueólogos, caso de Baroña ou Santa Trega. A divulgación considerábamola imprescindible como elemento non só de coñecemento, senón de protección dos xacementos, implicando para iso as administracións e a poboación do entorno e, por suposto, principiámos a planificar a organización de cursos e congresos, caso do Coloquio sobre Prehistoria e Arqueoloxía de Galicia, en colaboración co Museo do Pobo Galego, ou o II Seminario de Arqueoloxía do Noroeste, entre outros. O anterior, pola visualización e valorización dos sitios arqueolóxicos, constituía un eficaz medio de defensa dos mesmos, mais atacamos tamén o asunto directamente, encetando un relatorio de desfeitas do patrimonio, con vocación de exhaustividade, que actualizabamos en cada xuntanza periódica.

Cando a administración local da cidade de Lugo, co beneplácito da Xunta de Galicia, decidiu facer uns aparcamentos subterráneos nas prazas da nobre *Lucus Augusti*, seis membros da Sección opuxémonos con argumentos científicos e de defensa do patrimonio que ocasionaron que Mirabella, un profesor de Historia da Arte Paleocristiá da universidade de Trieste, fose chamado para pontificar sobre a viabilidade ou inocuidade da desfeita. Ocasinou isto unha longa polémica, recollida na prensa entre os meses de abril e novembro de 1986. Debo dicir que o máis que conseguimos foi que se rematara por realizar escavacións en área, o que non impediu a destrución de boa parte do Lugo romano, así como que o eco dos nosos esforzos e denuncias chegasen á Conferencia sobre Arqueoloxía e Grandes Traballos, do Consello de Europa, celebrada en Niza do 4 ao 6 de novembro (cfr. *La Voz de Galicia*, 18 de novembro de 1986).

O traballo que realizamos nos tres primeiros anos trala ampliación da Sección foi recoñecido co prestixioso premio "Otero Pedrayo", galardón que Felipe, aroupado por todos nós, recolleu, o 10 de novembro de 1979, no IEM ourensán que leva o nome do Patriarca. Desde o día da concesión tiñamos moi claro que o medio millón de pesetas co que estaba dotado o investiríamos "en algo que volva a redundar en beneficio de Galicia", como –aínda que traducido o orixinal ao español- publicou "El Correo Gallego" o 3 do mesmo mes. Este premio motivou que o propio presidente do Consejo Superior de Investigaciones

Científicas enviase un telegrama de felicitación á Sección.

Había un verdadeiro programa, con xuntanzas periódicas -unhas na propia sede compostelá e outras percorrendo Galicia de norte a sur e de este a oeste para, o mesmo que nas xeiras do Seminario de Estudos Galegos, mellor coñecela e, conseguintemente, amala; todo se facía seguindo unha planificación que supoño que obrará no IEGPS nas actas feitas por min e, posteriormente, por Ana Romero, así como no meticuloso arquivo que Felipe facía de cada un dos temas tratados, dos acordos e das actividades, costume (bo costume que sinto non ter imitado) que continúa a facer hoxe, por exemplo nas xuntanzas do Museo do Pobo Galego. As escavacións dos distintos membros, nas que, máis ou menos días, procurabamos participar os demais, sempre eran seguidas de discusións e postas a punto, constituíndo un verdadeiro traballo de equipo. Este xeito de actuar veu o seu froito xa no ano 1979, no que quince dos membros publicamos *Prehistoria e Arqueoloxía de Galicia. Estado da Cuestión*, libro que dedicamos aos tres anteriores xefes da nosa Sección: López Cuevillas, Bouza Brey e Taboada Chivite. Hoxe estamos algúns dedicando o noso tempo, memoria e cariño ao cuarto e derradeiro (sic) xefe da mesma; pero por fortuna facémolo como Ben-Cho-Shey nos lembrou, na súa propia campa, como se deben de facer estas cousas: en vida e, engado eu, podendo ser en perfecto estado de saúde do amigo homenaxeado.

Mentres a arqueoloxía dependía do ministerio, houbo, malia o atranco inicial que ocasionou que os traballos de consolidación planificados para 1979 non se puidesen realizar ata o ano seguinte, unha moi aceptable sintonía. Os problemas principiaron, curiosamente, a raíz das transferencias de competencias, o que nos fixo lembrar en moitas ocasións aquel a modo de manifesto que citei ao primeiro. Chegou un intre no que mudou a situación do IEGPS e toda a Sección en bloque foi tacitamente expulsada e, a partires de aí, aquela institución que fora un niño de traballo e amor a Galicia converteuse nun reduto español en formas, comportamento, obxectivos e ata idioma. Fomos expulsados, pero o núcleo da Sección que sempre mostrou o maior interese e soportou a carga maior de traballo e ilusión permanece aglutinado e considerando a Felipe o xefe de todos nós.

El sabe, sen pretendelo, como conseguir isto; sáelle así de natural, é unha facultade que ten, emanada sen dúbida da súa capacidade de traballo, da súa honestidade, da súa fiabilidade e da súa bonhomía. Por iso, cando o 25 de febreiro de 1989 nos invitou a constituír a Asociación de Amigos do Museo do Castro de Viladonga, alí acudimos un feixe de compañeiros para acompañar e arroupar ao amigo, e alí volvemos, ano tras ano, para asistir ás periódicas xuntanzas -e mesmo ás ben merecidas homenaxes con que distintas asociacións da Terra Cha o distinguen- e seguir así confraternizando. O seu paso pola Dirección Xeral de Patrimonio foi, para min, o mellor con moito de toda a Consellería naquela etapa do bipartito. Sei dos seus problemas e mesmo dalgúns intres de desánimo que tentei mitigar en conversas con el. Agradecinlle que tivese a ben comunicarme telefonicamente a proposta e aceptación do cargo e prometinlle que, mentres durase, contase comigo para todo, o mesmo que sempre fixera e seguiría a facer nun futuro; pero que eu non o importunaría con ningunha cuestión. Iso foi o que aconteceu ao longo deses anos; mais Felipe,

sempre que tivo que facer unha actividade ou tomar unha decisión relacionada co mundo mariñeiro, non esqueceu que talvez eu algo podería dicir sobre o tema. Tampouco eu o esquezo.

Hoxe, o amigo, o mesmo ca min e outros dos conmlitóns das batallas pola nosa arqueoloxía e o noso patrimonio, está xubilado, podendo gozar de ver transcorrer os días empuxándose uns aos outros, ao xeito do inscrito naquel frontal de fonte dun fidalgo portugués, no que rezaba *Sic unda unda pellitur*, dies die. Hai moitos anos que don Antonio Fraguas empregou esta frase referíndose a don Xosé Filgueira, o homenaxeado coas Letras Galegas deste ano, e considero que, desde a Alba de Gloria na que sen dúbida se atopan os dous, sorrirán e asentirán benevolmente, vendo que me apropiarei dela para lla aplicar a Felipe. Xubilado si, pero só dos afáns funcionariais, pois do que non teño dúbida é que do amor a Galicia e do traballo por estudala e dála a coñecer algúns é imposible que endexamais se xubilen.



O Curro Vello (Abadín). Xuño 1992. Felipe Arias con F. Fariña, A. Romero, J. Ramil, J.C. Sierra, F. Acuña e F. Calo.